

Este arquivo é unha presentación en pdf interactiva.

Mediante a botoeira situada na esquina superior dereita poderá avanzar, retroceder páxina e volver ao inicio.

Para saír da presentación prema a tecla "**esc**".

Para comezar, prema **aquí**.

21 MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS

21 MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS

29
setembro
2015



CONCELLO DE LUGO

Sra. Dna. Lara Méndez López
Excma. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo

Sra. Dna. Carmen Basadre Vázquez
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude
e Promoción da Lingua

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sr. D. Antonio Veiga Outeiro
Vicepresidente da Deputación de Lugo

Sr. D. Xosé Ferreiro Fernández
Deputado da Área de Cultura e Turismo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sr. D. Juan Viaño Rey
Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela

Sr. D. Javier Bueno Lema
Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo

Sra. Dna. M.^a do Carme Silva Domínguez
Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo

EXPOSICIÓN

Coordinación
Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social

Montaxe
Electrocalgas

Comisario
Eduardo Ochoa

CATÁLOGO

Coordinación
Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social

Foto contraportada
Alejandro Real Novo

Diseño e maquetación
ta ta ta

Depósito legal
LU 216-2015

CRÉDITOS

© Da edición, Lugo Cultural
© Dos textos, os seus autores
© Das fotos, os autores

0 certame

Esta iniciativa, que se vén celebrando dende hai vinteún anos coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, configura unha das actividades máis consolidadas e exitosas das promovidas actualmente dende Lugo Cultural. Fotógrafos máis ou menos profesionais ou afeccionados de dentro e fóra da comunidade universitaria participan habitualmente desta iniciativa que os leva a buscar durante unha xornada a imaxe que mellor resuma os temas propostos pola organización.

A vixésimaprimeira edición do Maratón desenvolveuse durante a xornada do día 29 de setembro sendo o tema proposto *ASIMETRÍA EN LUGO*. Baixo esta epígrafe e buscando fomentar a creatividade sen fixar ningún tipo de fronteiras, convidouse ás máis de 50 persoas inscritas neste certame artístico, a buscar esas "asimetrías" posibles na nosa cidade, ademais das de temática LIBRE, tal e como se recolle nas bases. Deste xeito, a barreira temporal, establecida en pouco máis de 24 horas, que son as que transcorren desde a entrega de material aos participantes ata o prazo máximo de recepción dos traballos, foi case que o único obstáculo ou norma de obrigado cumprimento.

Os premiados

Logo de valorar a calidade e orixinalidade de todos os traballos presentados, o xurado decidiu outorgarlle:

Tema: ASIMETRÍAS LUGO
premio **CARLOS VALCÁRCEL**
a **Alejandro Real Novo** pola fotografía:
Do seminario ao ceo

Tema: LIBRE
premio a **Begoña Pérez López**
pola fotografía:
Vai de rúa

Á vista da calidade dos traballos, o xurado decidiu conceder tamén:

Accésits xurado a **Patricia Fernández Pereira**
pola fotografía:
O "tetrís" da vida

a **Alba Regueiro Rubio**
pola fotografía:
Dandelion

e a **Olaya Mourenza Flórez**
pola fotografía:
Composición Libre 1

Exposición dos traballos

Na exposición dos traballos presentados a esta vixésima primeira edición do Maratón, figuran todos os galardoados e unha fotografía por cada autor participante. No acto de inauguración desta exposición, na Sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria, os representantes de Lugo Cultural, Eduardo Ochoa do grupo Fonmiñá e o fotógrafo lucense Carlos Valcárcel, que da nome a un dos premios, son os encargados de facer pública a decisión do xurado e de entregarlles os premios e diplomas aos participantes.

O catálogo

Este catálogo recolle, ademais dos traballos premiados, unha selección representativa das fotografías presentadas ao certame organizadas por temas.

No marco de actuación do **Convenio LUGO CULTURAL**, no que participan a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Lugo e a Deputación de Lugo coa colaboración do **Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ**, convócase o **XXI Maratón Fotográfico do Campus conforme ás seguintes**

BASES:

1. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.

2. Prazo de inscricións: ata as 14:00 h do día 25 de setembro de 2015.

3. A data de celebración será o **29 de setembro**. Os participantes presentaranse o dito día **ás 10:00 h** na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, onde se procederá á: lectura dos temas, entrega de carretes ou CD (segundo modalidade) e ficha para que poidan presentar co título das fotografías e frase para incluír no catálogo, segundo se indica no punto 5.3. Ademais farase unha fotografía con todos os participantes co obxecto de incluíla no catálogo que se edite.

4. Cada participante poderá presentarse só nunha das dúas modalidades: **dixital** ou **analóxica**. Independentemente da modalidade, participarase **obrigatoriamente en dous temas:** un será proposto pola organización e o outro libre, debendo entregar **1 única fotografía por cada tema**. As fotografías poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor.

5. Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:

5.1. MODALIDADE ANALÓXICA:

5.1.1. O **30 de setembro ata as 14:00 h:** Entrega de carrete.

5.1.2. O **14 de outubro en horario de 10:00 a 13:00 h:** Os participantes deberán elixir as fotografías que queren presentar ao certame, a través da folla de contacto que lles facilitará a organización.

5.2. MODALIDADE DIXITAL:

5.2.1. O **30 de setembro ata as 14:00 h:** Entrega do CD.

5.2.2. No CD gravaranse as fotos en .jpg, cun máximo de 3.543 x 2.362 píxeles (equivalente a unha imaxe de 30 x 20 a 300 ppp). Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.

5.3. EN ÁMBOS OS DOUS CASOS:

O autor **PODERÁ** cubrir a ficha facilitada pola organización, cos títulos que decida darlle a cada fotografía e/ou, no seu caso, a frase correspondente para incluír no catálogo (20 palabras máximo, en galego).

6. As fotografías presentadas polos participantes, serán reveladas pola organización para a súa posterior valoración polo xurado.

7. PREMIOS*:

· Premio *Carlos Valcárcel* á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 450 €, trofeo e diploma.

· Premio á mellor fotografía do tema libre dotado con 300 €, trofeo e diploma

· Expedirase un diploma acreditativo a tódolos participantes

8. A organización resérvase o dereito de facer a selección das fotografías que considere, co fin de expoñelas ao público no lugar e datas que se decida e, se é o caso, de editar en catálogo.

9. O lugar e data do fallo e da entrega de premios, será comunicado oportunamente.

10. O xurado encargado de fallar os premios será nomeado polos organizadores. A decisión do xurado será inapelable.

11. As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo referencia a autoría das mesmas.

Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas así como de toda posible reclamación por dereitos de imaxe.

Calquera incidencia non prevista nestas bases, será resolta pola organización. O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases.

*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.

Logo de tantas e tan exitosas edicións do Maratón Fotográfico do Campus de Lugo, é difícil destacar neste limiar algún aspecto que non fose tratado xa. Sinalamos sempre as institucións participantes, como principal valor da data, o elevado nivel de participación, que se mantén ano tras ano e que mesmo converte esta cita nun clásico no que participan en cada convocatoria moitos nomes estables. Mencionamos tamén o éxito na continuidade, tan difícil en actividades e empresas culturais que en ocasións inician o seu percorrido cun gran vigor mais logo van perdendo pé a medida que os atrancos económicos aparecen. Canda estes dous valores, destacaba eu no ano anterior a importancia do noso maratón como recurso accesible para o coñecemento da nosa cidade e, xa cada vez máis, tamén da nosa provincia: documentar a nosa vida, a nosa realidade, é un desafío e unha responsabilidade da Universidade, que con gusto asumimos ano tras ano.

Nesta convocatoria o premio Carlos Valcárcel decidimos dedícalo ás asimetrías no noso espazo, e abofé que os resultados, en forma de variadas fotografías que interpretaban o concepto, non puideron ser máis interesantes. Noraboa, pois, ás e aos galardoados, e un grande agradecemento ás institucións –Deputación e Concello de Lugo– que canda nós fan posible, ano tras ano, a repetición da cita.

Carme Silva Domínguez

Vicerreitora de Servizos Universitarios
do Campus de Lugo

O Maratón Fotográfico do Campus lucense, que este ano chegou á súa 21 edición, é unha fermosa festa de outono, unha festa do traballo creativo na que todos os anos participan máis de cincuenta persoas dun modo activo, coas súas cámaras preparadas para captar imaxes singulares, que nesta ocasión buscaban retratar calquera tipo de asimetría, tema por certo ben suxestivo e ben variado en canto ás súas posibilidades.

Moito se leva traballado no Campus de Lugo en moitos eidos, fóra da estrita formación regrada, e moita influencia ten a nosa Universidade na vida cidadá, na que está perfectamente integrada, entre outras cousas grazas á súa situación dentro da propia cidade e non fóra, como sucede noutros casos. Pero máis importante aínda que a situación é a implicación do seu persoal –docente e non docente– e do seu alumnado nunha política integrada e integradora que ten unha parte decisiva na dinamización cultural de Lugo.

Este Maratón é un dos múltiples froitos desta política, na que o noso Concello será sempre partícipe, pois todos sabemos que a nosa Universidade é un dos activos máis importantes con que conta Lugo.

Carmen Basadre Vázquez

Concelleira de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

O Maratón fotográfico do Campus é xa un clásico da vida cultural luguesa. Marca o comezo do outono, é un sinal que acompaña o San Froilán e que lles indica aos lugueses e aos estudantes o comezo dunha nova tempada, un novo curso. Sempre é interesante ver como novas olladas fan unha disección da cidade e da súa contorna. Recunchos que sorprenden, ópticas nunca pensadas, reinterpretación das miradas. Perfectas e pequenas asimetrías do cotián lugués son este conxunto de imaxes que mostran os nosos espazos comúns, interpretados subxectivamente. Uns espazos que, unidos e armados coma un crebacabezas, forman xa parte do imaxinario colectivo desta cidade.

Dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo saudamos, un ano máis, esta iniciativa inscrita no marco de actuacións do convenio Lugo Cultural, no que participamos gratamente, convencidos do valor da colaboración entre institucións como unha ferramenta útil de participación e difusión cultural.

Xosé Ferreiro Fernández

Deputado delegado de Cultura
Deputación de Lugo

Este ano foron dúas as temáticas propostas aos participantes na 21 edición do **Maratón Fotográfico de Lugo**, unha de *temática libre* e a outra, nesta ocasión creo que difícil, *asimetrías na cidade*. Esperabamos que na primeira delas, a mais xenérica, atopáramos máis variedade e calidade fotográfica pero, sorprendentemente, non foi así. De feito ao xurado resultoulle máis difícil outorgar os premios na sección asimetrías, dado o alto nivel dos traballos presentados.

Un ano máis os participantes amosaron a súa creatividade, ao enfrontarse a temas en principio complicados. Por iso é necesario ver o resultado, a exposición das fotografías, porque, parafraseando ao gran fotógrafo Lewis Hine, “*se se puidese contar con palabras non sería necesario ir cargando coa cámara*”.

O meu agradecemento á Universidade, á Deputación Provincial e ao Concello de Lugo, que levan vinte e un anos patrocinando esta actividade, creativa, participativa e enriquecedora.

Eduardo Ochoa



PARTICIPANTES NO VINTEÚN MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS

Fotografía: Ignacio Rodríguez

Tema: ASIMETRÍAS EN LUGO

premio **CARLOS VALCÁRCEL**

a **Alejandro Real Novo** pola fotografía:

Do seminario ao ceo

1º Accésit xurado a

Patricia Fernández Pereira

pola fotografía: *Os "tetrís" da vida*

2º Accésit xurado a **Alba Regueiro Rubio**

pola fotografía: *Dandelion*



ALEJANDRO REAL NOVO
Obra premiada: *Asimetrías en Lugo*

Do seminario ao ceo



PATRICIA FERNÁNDEZ PEREIRA
1º accésit xurado: *Os "tetris" da vida*

*Consiste en ir colocando o mellor que se poida os
acontecementos da vida, para formar un futuro firme e sólido*



ALBA REGUEIRO RUBIO
2º accésit xurado: *Dandelion*

En cada semente, unha resposta para cada mente

Tema: LIBRE

premio a **Begoña Pérez López**

pola fotografía:

Vai de Rúa

1º Accésit xurado a

Olaya Mourenza Flórez

pola fotografía:

Composición libre 1

BEGOÑA PÉREZ LÓPEZ
Obra premiada: *Vai de rúa*

*Fotografía nocturna de velocidade de obturación
lenta da rúa de San Pedro dende a muralla*





OLAYA MOURENZA FLÓREZ

Accésit xurado: *Composición libre 1*

A arquitectura é o xogo sinxelo dos volumes baixo a luz



Tema: ASIMETRÍAS EN LUGO

Traballos seleccionados



ÓSCAR ABELLEIRA FERREIRÓS
Noite no museo MIHL

*Fotografía sacada de noite onde se pode observar
a súa asimetría en tódalas súas formas*





ÁNGEL BOQUETE VILARIÑO
1.

MILLÁN BREGÁN ALAMANCOS
Desequilibrio mercantil

Escena asimétrica no mercado de Lugo



NATALIA CANCELA ESTÉVEZ
Cóncaco ou convexo?

*Diversidade de estilos simétricos fan da nosa
catedral un todo asimétrico*



JOSÉ LUIS VÁZQUEZ CARBALLO
Asimetría en partes simétricas





LYDIA CASTRO VARGAS
Esperando o tren



RAÚL DA PENA LÓPEZ
Infinito




M.^a LUISA FERNÁNDEZ MOSCOSO
Diferenza que esconde a realidade

Forza interna. Reflexo exterior

SABELA FONSECA GARCÍA
Pola beira do Miño

*Buscar na beira do Miño nas súas ínsuas,
a asimetría natural, é fácil e increíble*





JAIME FUENTETAJA OLMOS
Sobre raís

NOEMÍ GAVIEIRO SAAVEDRA
Longas conversacións





AMALIA GORGOSO PACIOS
Arquitectura asimétrica

Contrapicado de arquitectura

ANDREA GRANDÍO REGUEIRO
Inqueda asimetría

*Movemento inqueda de xente na
asimetría das escaleiras de veterinaria*





LIDIA HERNÁNDEZ JURADO
Subindo

MARÍA LÓPEZ DE LA CALLE
Escenometría





SARA LÓPEZ TEMES
Unha ponte cara ao recordo




MARTÍN GONZALO MARTÍNEZ BLANES

ROSA MARÍA PÉREZ MARTÍNEZ

*Sempre que se pode é mellor espir un
edificio, pero non sempre é posible*





DIEGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Asimetría lumínica



MARÍA JESÚS VARELA PULPEIRO
Asimetrías en Lugo

*Chega un día que ata a imaxe do espello
se cansa e vai por libre*




ÓSCAR VÁZQUEZ ARROJO
Ascensión



Tema: LIBRE

Traballos seleccionados





ENRIQUE CARCELÉN FERNÁNDEZ
O prato e o vaso



IAGO DÍAZ FERNÁNDEZ
Amiga



BRAULIO DOVAL FERNÁNDEZ
Illadores

MARÍA FRAGA CORRAL
Bágoas da noite

"Olla a choiva pola rúa, laio de pedra e cristal"
(Federico García Lorca)





SALOMÉ FRESCO BARBEITO
Mozas observando a chegada dun OVNI



JAVIER GARCÍA AGUETE
Vellez, beleza ou barbarie?

CAMELIA IGLESIAS FERNÁNDEZ


Da luz á escuridade

*Composición de esquerda a dereita.
A luz vainos levando cara a un camiño
de sombras. Praza de Santa María*





MARTA ILLERAS VIVES
Limbo



M.^a NOEMÍ LÓPEZ CORREDOIRA
Nas entrañas do MIHL

LEDICIA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Un segundo verán



GERMÁN LÓPEZ VÁZQUEZ
Fermoso solpor

Estes últimos días de setembro regálannos solpores coma este




IRIA LÓPEZ VÁZQUEZ

Ollando, escoitando

*Pasiño a pasiño, parada a parada. gozando,
ao abrigo dos capiteis circulares, os sons das
campás de Santa María*





ANDREA MASEDA PRADO
En busca das ás da liberdade

*Ó outro lado o único antídoto contra a soidade é a esperanza,
a ilusión de conseguir unha segunda oportunidade*

SANDRA M.^a NEIRA TOURÓN
Garda da lúa





EVA PARDO NEIRA
Verso solto

ELISABETH QUINTERO DURÁN
Doce pracer que mingua o alento

En cada calada sinto como a miña vida desaparece





RAQUEL RAPADO GARCÍA
Gañando o pan

NANCY AMANDA RIVERA MUÑOZ
Paseo matutino

*Non me puiden resistir ao seu paso, pregúntome
polas súas historias, por aquilo que ten para contar*



CARLOS ALBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Luminograma nocturno no paseo do río Rato

*Xogos de luz e artificio que enchen de ilusión
e fantasía unha noite máxica de lúa chea*



